



Lectura de textos - LG

A [Biblioteca Nacional de España](#) celebra a sétima edición do Día das Escritoras, unha iniciativa que a BNE organiza en colaboración coa [Federación Española de Mulleres Directivas, Ejecutivas, Profesionales e Empresarias](#) (FEDEPE) e coa [Asociación Clásicas e Modernas](#) co obxectivo de reivindicar o labor e o legado das escritoras ao longo da historia.

Nesta sétima edición, o tema elixido é **Antes, durante e despois das guerras**, en torno ao cal xira a selección dos textos e as autoras. Desde a Biblioteca Escolar sumámonos á celebración, uníndonos así á iniciativa das Bibliotecas Escolares de Galicia. Coa lectura deste texto, homenaxeamos este 17 de outubro a estas autoras:

Luz Pozo Garza (1922-2020)

Luz Pozo Garza, nada en Ribadeo e finada na Coruña foi unha escritora, crítica literaria e poeta galega, unha das máis destacadas da literatura galega da segunda metade do século XX, renovadora tanto na forma como na temática abordada. Códice Calixtino (1986) é unha das súas obras máis destacadas. En 1995 foi recoñecida coa Medalla Castelao. Dende 1996 foi membro numerario da Real Academia Galega, da que foi vicesecretaria de 1997 a 2001. En 2007 foi proposta pola Asociación de Escritores en Lingua Galega para o Premio Nobel de Literatura. Os seus poemas foron traducidos ao castelán, portugués, catalán, francés, inglés, alemán, húngaro, ruso e xaponés.



TEXTO 1:

Memoria de África

«1
A terra nai recoñece ós seus mortos
un por un
no solpor dos camiños Nas pedras arrasadas
Foxen as xentes asumidas na luz que se aniquila
inermes
congregadas no medo No pavor cara á morte
Por que esta sede?
esta inxustiza?
a fame?
Por que este sangue, Deus?
Sangue inocente. Entrañas incendiadas
Na noite dos coitelos
Na mañá dos alfanxes
no tempo que se extingue en alarido...
Quen defende esta causa apocalíptica?
Tanta abominación asoma en bágoas lúcidas
A terra nai recoñece ós seus mortos? (...).»

Muller a facer vento (1998)



Estación de tren de Mérébank (ca. 1901): chegada de refuxiados. Sudáfrica.



**Equipos de
Dinamización
da Lingua Galega**



Montse Fajardo Pérez (1973)



Nada en Vilagarcía no 1973 é unha xornalista e escritora galega especializada en temas de muller. Case toda a súa obra está centrada en difundir e divulgar a memoria das mulleres represaliadas durante a Guerra Civil Española, as vítimas da violencia de xénero ou a difundir a obra de mulleres silenciadas por diferentes motivos. É a autora de *Matriarcas*, *mulleres en pé de vida* (2021), de *Invisibles* (2017), ***Un cesto de mazás, memoria das vítimas do 36 e do tempo que veu*** (2015), así como *A vida incerta. Biografía de Virxinia Pereira* (2020)

TEXTO 2:

“Estigmas en papel manila”

“Era tan mala, irascible y roja, que hubieran de fusilarla en los primeros momentos los Nacionales por el peligro que constituía”

A frase estaba escrita nunha pequena folla cuadrículada atopada dentro do expediente de depuración da mestra de Miño, María Vázquez Suárez. Chamábanlle así, expediente de depuración, aos informes eses que facían eles para saber se un mestre era digno de transmitir os valores da nova España. Pedíranlle un informe ao cura, outro ao coronel da Garda Civil e outro ao xefe da Falanxe. Tamén querían un dun cabeza de familia “de confianza” pero non atoparon a ninguén que lles falase mal daquela rapaza que chegara á vila en decembro de 1929, un ano despois de fundarse a escoliña.

Nada máis chegar alugoulle ao matrimonio Paz Montero o segundo piso da casa, xusto enriba de onde vivían eles coas nenas. Antonio era fillo de don Ignacio Paz del Río, o alcalde aquel das dereitas que houbera en Miño e tiñas as mesmas ideas del. Rosa non. Rosa era das esquerdas, coma María, e fixéronse moi amigas. Cada mañá, a mestra baixaba as escaleiras e petáballe na porta para collerlle as tres fillas e levalas á escola, que estaba no mesmo edificio do concello, pegadiña á igrexa, tan pegada que as alumnas utilizaban o adro como patio e no recreos facían alí as rodas, xirando ao compás das letras do pan e canela ou do corro da pataca.

“Con las niñas se situó en la puerta mayor y todas en grupo cantaron los himnos de la anti-patria”

[...] Os anos trinta trouxeran novos aires e á familia Vázquez [a de María, a mestra] parecíalle que os curas non estaban onde estaban eles, cos que menos tiñan. Don Joaquín, capitán retirado da guerra de Cuba, era socialista e transmitiulle esas ideas á súa filla. Durante a República, María foi unha das fundadoras do partido en Miño e en setembro do 32 deu alí o seu primeiro mitin. O seu pai animouna... falaba tan ben! Ata entón nunca se escoitara na vila unha muller falar en público... e de política! Pero ela deixounos abraiados. Que se o novo sistema estaba a facer moito polas mulleres, que se non se tiñan que deixar enganar polos caciques... Falou con tanta forza dos dereitos femininos que despois daquela, chamárona para dar mitins en máis sitios e mesmo conferencias. [...] María foi a Leiro e Nogueirosa falar do agro, a Cabanas e Fene informar sobre a lexislación laica do réxime republicano e a Redes a seguir facendo fincapé nos dereitos das mulleres, que era do que máis falaba xunto co ensino.

[...] Cando foi da sublevación (no 36), María estaba na Coruña co seu pai e alí foron busca os falanxistas de Pontedeume nos primeiros días de agosto para levala presa. De camiño ao cárcere pararon na casa de Miño para que collese algo de roupa e María despediuse de Rosario e das irmás pequenas. Xa entón temía que non lles ía dar máis clases e así foi. O 18 de agosto o xefe local da Falanxe de Miño, Andrés Quintás, foi á cela levarlle a notificación da súa destitución como mestra. María non puido evitar tremer, de mágoa, medo e rabia cando asinou o documento.

[...] Xa presa, María saía pola ventá para ver a seu pai no xardín de enfronte e facerlle acenos cun anaco de tea. Era a forma de comunicarse que lles quedaba daquela. Pero o 20 de agosto María non asomou. O seu pai agardou. Pasaron horas, non aparecía e el seguía agardando. Empezou a temer o peor pero intentaba tranquilizarse. Non penses niso, Joaquín, que esten non andan a matar mulleres... E mentres el subía e baixaba o carreiro do xardín, as ondas subían e baixaban na praia de Bañobre lambendo as feridas do cadáver mutilado da súa filla.

